

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/20

CENTRO: CEIP CANOSA-RUS

NIVEL: 6º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL

DATA: 8 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

No apartado das directrices específicas por ensinanzas que se establece nas instrucións nas que nos estamos a basear para a elaboración deste documento, na etapa de Educación Infantil contempla que: “os criterios de avaliación nesta etapa flexibilizaranse atendendo (...) á consecución dos obxectivos de etapa”. É por isto que no seguinte cadro, contemplamos os criterios de avaliación que serán reforzados, repasados e ampliados no 3º trimestre.

A educación infantil caracterízase por ser unha etapa globalizada na que se traballan os obxectivos xerais ao longo dos tres cursos que a conforman, por tal motivo, garántese a consecución de todos eles ao remate da etapa. Así mesmo, presentamos esta táboa para que vexades que seguimos traballando todos os obxectivos de etapa dentro desta situación excepcional.

1. Aprendizajes e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Obxectivo de etapa co que se relaciona
Valora as cualidades propias e as dos demais.	Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas
Adquire hábitos saudables de hixiene e de alimentación	Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais
Adquire confianza nas propias capacidades mellorando a autoestima.	Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
Identifica os seus sentimentos e as súas preferencias.	Desenvolver as súas capacidades afectivas.
Valora o traballo ben feito e o dos demais.	Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
Axeita o seu comportamento ás necesidades dos outros.	Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
Desenvolve a discriminación sensorial.	Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
Aplica a coordinación óculo-manual con maior grao de precisión.	Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais

Adquire progresivamente un maior dominio do propio corpo	Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas
Disfruta coa responsabilidade do coidado do noso planeta.	Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social. Coñecer e apreciar algunhas das súas características e costumes e participar activamente, de forma gradual, en actividades sociais e culturais do contorno.
Identifica e realiza a grafía dos números traballados.	Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
Agrupa obxectos atendendo a posesión dalgún atributo; cor, forma, tamaño.	Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo
Realiza series sinxelas de 4 ou 5 elementos.	Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo
Iníciase na realización de sumas e restas.	Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
Exprésase a través das diferentes linguaxes.	Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión
Consegue iniciarse no coñecemento do código escrito a través das vogais e das consoantes.	Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo
Comprende e reproduce un texto de tradición cultural, amosando actitudes de interese e disfrute.	Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo
Utiliza as posibilidades motrices do propio corpo con intención comunicativa e expresiva.	Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
Iníciase no uso das tecnoloxías.	Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

2. Avaliación

Avaliación	<p>Procedementos: Para o seguimento da aprendizaxe a distancia empregaremos a recollida sistemática do traballo do alumnado (mediante aplicacións telemáticas) e observación posterior para a súa valoración.</p>
	<p>Instrumentos: Escala guía de observación dos traballos por correo electrónico para a súa valoración Gravación dalgunha actividade</p>
Avaliación final	<p>A avaliación na etapa de Educación Infantil é global, contínua e formativa, polo que terá en conta os progresos alcanzados polo alumnado ata o momento da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, e o carácter diagnóstico que lle estamos a asignar á labor educativa dende o momento de entrada en vigor deste decreto.</p> <p>Por medio dos procedementos e instrumentos comentados anteriormente, valoraremos de modo individual o punto de evolución de cada alumno/a de cara á consecución dos obxectivos da etapa.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	As actividades que se propoñen semanalmente expóñense na páxina web do centro, en diferentes entradas por nivel e especialidades. Cólgame un documento en pdf e todos se poden consultar aquí: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcanosarus/
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>A metodoloxía nesta etapa sempre atende ao principio globalizador e nese senso todas as propostas educativas que facemos chegar ás familias están organizadas e programadas baixo esta perspectiva integrada ligadas aos intereses do alumnado e aos seus coñecementos previos.</p> <p>Intentaremos que os nenos e nenas actúen, investiguen, observen, manipulen e se sintan protagonistas do seu proceso de ensino-aprendizaxe. Tamén, o principio de actividade lúdica, presidirá todas as propostas educativas, xa que o xogo nesta etapa, constitúe a principal fonte de actividade infantil. Sen perder de vista a identificación e a xestión emocional que neste estado excepcional se debe traballar máis que nunca e axudar ás familias a resolver problemas ou conflitos que xurdan no día a día.</p> <p>Relación familia-escola.</p> <p>Se na práctica educativa sempre é esencial nesta situación actual acadar unha importancia maior, tendo en conta a idade do noso alumnado que non ten acceso de forma autónoma ás canles de comunicación (ordenador, teléfono, tablet..) a necesidade de abrir canles de comunicación coas familias e primordial. Dende o comezo do estado de alarma empregamos o abalar, correo electrónico e o teléfono. Sendo as familias a canle de comunicación entre as propostas e o noso alumnado.</p>
Materiais e recursos	Os materiais e recursos son imposibles de controlar pola nosa banda neste momento no que a capacidade de achegarse as propostas que enviamos son moi distintas en cada núcleo familiar. Intentamos que non sexan precisos materiais ou recursos difíciles de dispor no día a día da maioría das familias, papel e cores, materiais de refugallo, elementos cotiáns..., que faciliten o achegamento a calquera das propostas. E sempre son actividades flexibles en canto a tempos de organización e realización.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A información contida neste documento será trasladada ás familias por medio da páxina web do centro e por medio dun aviso en abalarMóvil cando estea dispoñible na web.</p> <p>Para calquera dúbida ou aclaración do documento estaremos dispoñibles por medio de correo electrónico, abalarMóvil e, de ser necesario, vía telefónica.</p>
Publicidade	<p>Publicarásese este documento na páxina web do centro.</p>